



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Aprobación definitiva da modificación de Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos complementarios de educación no Concello de Oroso

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE OROSO

Terminado o prazo de exposición pública sen presentación de reclamacións da modificación da Ordenanza reguladora dos servizos complementarios de educación do Concello de Oroso, aprobada na sesión plenaria ordinaria de data 29 de maio de 2025, e publicado anuncio de aprobación provisional no BOP número 106 de data 05/06/2025.

De acordo co disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais procédese á publicación íntegra do texto da modificación da devandita ordenanza, ao considerarse aprobada definitivamente segundo o acordo plenario anteriormente mencionado:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN.

1. FUNDAMENTO E NATUREZA

- a) De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais este concello establece o prezo público por prestación de servizos complementarios de educación e programa de conciliación, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

2. CONCEPTO

2.1. Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos seguintes servizos complementarios de educación e conciliación:

2.1.1 Servizo “BOS DÍAS COLE” nos Colexios Públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso, que comprende:

- Atención, coidado e custodia nas instalacións dos centros aos nenos matriculados nos centros educativos antes do inicio da xornada escolar durante o horario definido no Regulamento do servizo, así como a atención educativa apropiada aos nenos e nenas desta idade, de conformidade coa normativa aplicable.
- Prestación do servizo de almorzo, de acordo co Regulamento do servizo.

2.1.2. Servizo de Comedor Escolar nos Colexios Públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso , que comprende:

- Atención, coidado e custodia nas instalacións dos centros aos nenos matriculados nos centros educativos despois do final da xornada escolar durante o horario definido no Regulamento do servizo, así como a atención educativa apropiada aos nenos e nenas desta idade, de conformidade coa normativa aplicable.
- Prestación do servizo de xantar, de acordo co Regulamento do servizo.

2.1.3. Programa de Conciliación que implica o desenvolvemento das seguintes actividades nos nos Colexios Públicos de educación infantil e primaria do concello de Oroso:

Actividade	Actuación	Subactuación	Instalacions	Duración/días	Horario (de luns a venres, agás festivos)	Quendas ano
Actividade 1: Programa CONCILI@2	Actuación 1: Conciliación en los períodos escolares	Actuación 1.1 Conciliación vacacións Entroido. Educación infantil e primaria	Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés	2	De 09:00 A 14:00	ÚNICA
		Actuación 1.2 Conciliación vacacións Semana Santa	Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés	5	De 09:00 A 14:00	ÚNICA
		Actuación 1.3 Conciliación vacaciones verano. Educación infantil y primaria	Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés		De 7:30 a 15:30	Xuño: dende remate curso ata final mes xuño
			Centro escolar de infantil y primaria do Concello de Oroso CEIP do Camiño Inglés		De 7:30 a 15:30	1ª quenda Xullo dende 01/07 ata 15/07
			Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés		De 7:30 a 15:30	2ª quenda xullo: dende 16/07 ata 31/07
			Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés		De 7:30 a 15:30	1ª quenda agosto: dende 01/08 ata 15/08
			Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés		De 7:30 a 15:30	2ª quenda agosto: dende 16/08/ ata 31/08
		Actuación 1.4 Conciliación vacacións Nadal	Centro escolar de infantil e primaria do Concello de Oroso CEIPP do Camiño Inglés	9	De 09:00 a 14 persoas	ÚNICA
Actividade 2: Programa XUNT@S		Actuación 2.1 Xunt@s en Igualdade. Campamento con pernoctación nunha localidade de Galicia	Nunha localidade de Galicia	6		ÚNICA
		Actuación 2.2 Excursión AQUAPARK no verán	Aquapark Cerceda	1		ÚNICA

3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO.

3.1. Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aqueles usuarios recollidos no regulamento de servizo que se beneficien das actividades prestadas por este concello a que se refire o artigo anterior. En concreto, os pais, titores e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a patria potestade dos nenos que utilicen o servizo.

4. CONTÍA

4.1. A contía do prezo público deriva da aplicación das seguintes tarifas:

4.1.1 Asistencia ordinaria ao Servizo “Bos Días Cole”:

4.1.1.1. Todos os días da semana sen dereito a almorzo: 33,00 euros/mes/usuario.

4.1.1.2. Todos os días da semana con dereito a almorzo: 44,00 euros/mes/usuario.

4.1.1.3. Tres días á semana sen dereito a almorzo: 26,50 euros/mes/usuario.

4.1.1.4. Tres días á semana con dereito a almorzo: 33,00 euros/mes/usuario.

4.1.2. Asistencia días soltos ao Servizo “Bos Días Cole”:

4.1.2.1. Días soltos con dereito a almorzo: 4,50 euros.

4.1.2.2. Días soltos sen dereito a almorzo: 3,50 euros.

4.1.3. Asistencia ordinaria ao Servizo Comedor Escolar:

4.1.3.1. Asistencia ordinaria todos os días da semana: 62,50 euros/mes/usuario.

4.1.4. Asistencia días soltos ao Servizo Comedor Escolar.

4.1.4.1. Días soltos: 6,50 euros/día/usuario.

4.1.5. Matrícula por acceso ao servizo: 20 euros/usuario.

4.1.6. Programa de Conciliación

Actuación	Importe prezo Público		
	Intensidade disfrute servizo		
	7:30-9:00 horas	9:00 a 14:00 horas	14:00 a 15:30 horas
Actuación 1.1 Conciliación vacaciones Entroido	3,00 €	13,00 €	-----
Actuación 1.2 Conciliación vacaciones Semana Santa	6,00 €	26,00 €	-----
Actuación 1.3 Conciliación vacaciones verano. Mes de xuño	7,25 €	34,25 €	7,25 €
Actuación 1.3 Conciliación vacaciones verano. Meses de xullo e agosto por quincena	9,00 €	42,50 €	9,00 €
Actuación 1.3 Conciliación vacaciones verano: Mes setembro ata inicio curso escolar	6,50 €	30,50 €	6,50 €
Actuación 1.4 Conciliación vacaciones Nadal	9,00 €	42,50 €	9,00 €
Actuación 2.1 Xunt@s en Igualdade. Campamento con pernoctación nunha localidade de Galicia	180,00 €		

4.2. Excepto no caso do programa de conciliación cando por circunstancias sobrevidas, o usuario ingrese ao servizo con posterioridade ao día 15 do mes, as tarifas previstas de asistencia ordinaria que corresponda pagar polo dito mes terán unha redución do 50 por cento.

4.3.- De conformidade co previsto no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación de ditos importes en función das variacións no custe que supoña para o Concello a prestación do servizo e os límites previstos no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

5. EXENCIÓNS DE PAGAMENTO

5.1 Están exentos do pago das tarifas establecidas no artigo anterior:

- Aqueles obrigados ao pago que de conformidade co Regulamento do Servizo sexan declarados coma en situación de Emerxencia Social.
- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que atendan aos alumnos de educación especial usuarios do servizo durante o xantar ou almorzo.

6. BONIFICACIÓNS

6.1. Os usuarios do servizo que estivesen en posesión do título de familia numerosa en vigor e así o acreditasen no momento de presentación da solicitude o se trate de familias monoparentais, terán unha bonificación das cotas previstas de asistencia ordinaria do 20%.

6.2. A efectos do establecido anteriormente terán a consideración de familia monoparental a unidade familiar cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

6.3. Non terán dereito a bonificación ou redución algún aqueles alumnos que pertencen a unidades familiares nas que algúns dos seus membros non estean ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e a facenda municipal, así coma coa Seguridade Social.

7. PERÍODO IMPOSITIVO E NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

7.1. O período impositivo das tarifas do prezo público polos conceptos recollidos nos artigos 4.1.1 e 4.1.3 (Asistencia ordinaria) desta ordenanza será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago o día 1 de cada mes.

7.2. O período impositivo das tarifas do prezo público recollidas nos artigos 4.1.2 e 4.1.4 (Días soltos) desta ordenanza será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga do pagamento no momento da utilización do servizo.

7.3. O período impositivo das tarifas do prezo público recollidas no artigo 4.1.5 (Matrícula) desta ordenanza será o curso escolar, producíndose o nacemento da obriga do pagamento no momento da presentación da solicitude de alta para o acceso ao servizo.

7.4. O período impositivo das tarifas do prezo público recollidas no artigo 4.1.6 (programa de conciliación) desta ordenanza será o de inicio de cada unha das actividades recollidas no mesmo, producíndose o nacemento da obriga de pagamento no momento de presentación da solicitude para acceso a cada unha delas.

8. NORMAS DE XESTIÓN

8.1. O cobro das tarifas do prezo público recollidas no apartado 4.1.1 e 4.1.3 (asistencia ordinaria) xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios e tarifas aplicables o cal será

aprobado mensualmente dentro do período impositivo correspondente e publicándose anuncio no taboleiro municipal de edictos.

8.2. O período ordinario de pago será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal as contías devindicadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

8.3. O medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do Padrón correspondente.

8.4. As declaracións de altas, baixas e en xeral de variación de datos feitas dentro dun período impositivo surtirán efectos no Padrón do período inmediatamente posterior.

8.5. Para o cobro das tarifas por utilización do servizo por días soltos, poderá utilizarse calquera dos seguintes sistemas, a proposta do servizo de Intervención-Tesouraría e acordado por resolución da Alcaldía-Presidencia:

8.5.1. Habilitar un sistema de bonos prepago ou entradas numeradas que os usuarios adquirirán directamente nos servizos municipais ou da empresa prestadora do servizo e entregarán aos encargados do servizo no momento da utilización de cada servizo.

8.5.2. Mediante padrón aprobado mensualmente, constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios, tarifas aplicables e número de prestacións no mes natural anterior, o cal seguirá o mesmo procedemento establecido nos apartados 1, 2 e 3 deste artigo.

8.6. O pago da tarifa de matrícula prevista no artigo 4.1.5 e do programa de conciliación previsto no artigo 4.1.6 farase mediante autoliquidación dos obrigados ao pago nos impresos habilitados ao efecto pola Administración municipal e ingreso das contías correspondentes nas entidades bancarias autorizadas, con anterioridade en todo caso á presentación da solicitude de ingreso ou alta na prestación do servizo.

8.7. O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no período impositivo seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa. Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que deban algún recibo, sen prexuízo do cobro dos mesmos pola vía de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor cando unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da corporación e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia, teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza unicamente poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia.

Oroso, 24 de xullo de 2025

O Alcalde-presidente.

Alexander Doval Expósito.

2025/4973